

**CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN DO  
DEPARTAMENTO FÍSICA-QUÍMICA**

**ESO**

- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
- CÁLCULO NUMÉRICO DA NOTA

**BACHARELATO**

- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
- CÁLCULO NUMÉRICO DA NOTA

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECIAIS**

- ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA
- ALUMNADO EN GRUPOS DE REFORZO
- ALUMNADO CON CAMBIO DE ESPECIALIDADE NO  
BACHARELATO

**ORGANIZACION DE MATERIAS PENDENTES**

# ESO

---

## PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN NA ESO

Na observación do traballo do alumno, nas tarefas, nos controis, nas intervencións, exercicios ou traballos en grupo, iranse avaliando algúns dos criterios de avaliación diferentes aos dos contidos, propoñendo tarefas ou preguntas que nos informen en relación cos estándares de avaliación concretos. Considérase que os obxectivos están conseguidos cando os estándares de aprendizaxe están acadados.

Para iso establécense os seguintes criterios para a súa avaliación:

- Valorarase a organización persoal do traballo así como a limpeza, orde, pulcritude, ortografía, expresión e presentación dos traballos na data fixada previamente.
- Nos traballos e informes valoraranse os contidos e tamén:
  - a) Recompilación de datos partindo de distintas fontes.
  - b) Extracción de ideas fundamentais nun texto.
  - c) Utilización de vocabulario específico.
  - d) Realización de mapas conceptuais ou cadros sinópticos polo que ambos exercicios teñen de capacidade de síntese.
  - e) valoración do grado de comprensión e asimilación
- Valorarase os traballos extraescolares, voluntario e individual.
- Os estándares de aprendizaxe cualificaranse, cando sexa posible, de forma progresiva, valorándoos de 1 a 4, estando asociado o 1 a moi pouco acadado, 2 en fase de consecución, 3 acadado e 4 acadado cun grado excelente
- A superación da avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Os procedementos e instrumentos máis habituais que utilizados para desenvolver a avaliación das aprendizaxes dos alumnos son:

- **Observación dos alumnos na clase**: resulta fundamental dado o carácter continuo da avaliación, principalmente para valorar a adquisición de procedementos e actitudes. Ás actitudes positivas fronte ao traballo na materia serán consideradas como valores engadidos. Tamén será obxecto dunha valoración positiva o comportamento na aula.
- **Probas escritas**: moi importantes á hora de medir a adquisición de conceptos e procedementos, deberán estar deseñadas atendendo aos criterios de avaliación .

- **Revisión do caderno de clase:** con especial atención á realización das tarefas no domicilio e á corrección dos erros na clase, valorando igualmente a orde e a correcta presentación.
- **Traballos e investigacións:** que inclúen actividades de procura de información e prácticas de laboratorio. Poden realizarse individualmente ou en grupo. Neste último caso será importante avaliar as capacidades relacionadas co traballo compartido e o respecto ás opinións alleas.

A avaliación das competencias básicas é un modelo de avaliación distinta ao dos criterios de avaliación, tanto porque se aplica en diferentes momentos coma porque a súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. As competencias básicas supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, e a forma de comprobar ou avaliar se o alumnado as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación onde o alumno se sirva de todo tipo de contidos para responder ás situacións propostas. Desta forma, cando estamos a avaliar competencias farémolo, preferentemente, aínda que non só, procedementos e actitudes, de aí que as relacionemos cos criterios de avaliación con maior carácter procedimental e actitudinal. A mellor maneira de avaliar estas competencias será no laboratorio, onde as situacións que se propoñen son máis cercanos á súa vida diaria

- *Se a avaliación en Xuño non é positiva, o alumno ten a posibilidade de acadar os obxectivos nunha convocatoria extraordinaria no mes de Setembro. Os mínimos serán os mesmos que os requirido ó longo do curso. A nota será exclusivamente a do control escrito na convocatoria extraordinaria*

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 2º ESO , 3º ESO , 4º ESO

1. Faranse como mínimo dous **controis escritos** da materia en cada avaliación , coas notas destes controis realizarase unha media aritmética .Todos estes controis deberán ter:
  - a) Cuestións numéricas para valorar a competencia matemática, científica e tecnolóxica ( **CMCCT** )
  - b) Cuestións nas que se faga fincapé no razoamento máis que na memoria , avaliándose así ( **CCL, CAA** )

O 90% da nota da avaliación procede dos controis escritos
2. Ademais , avaliaranse os outros criterios de avaliación citados anteriormente, e que se repiten a continuación.
  - a) **Observación dos alumnos na clase: a actitude ,comportamento e procedementos** (CSC , CCEC)
  - b) **Revisión do caderno de clase** ( CCL )
  - c) **Traballos e investigacións** (CD , CCEC y CSICC)

- Realizarase unha recuperación despois da avaliación.
3. A recuperación que se realice en xuño, será da avaliación completa que estea suspensa
  4. A recuperación de setembro, realizarase de todos os contidos da materia

No caso do alumnado que teña dificultades específicas coa materia, poden reconsiderarse os criterios de cualificación. Para que un alumn@, se poida acoller a esta modificación debe estar nun grupo de reforzo, ter unha ACI ou ter un informe previo á avaliación do Departamento de Orientación no que se explique o seu caso personalizado. Deste xeito, o Departamento pode realizar unha avaliación individualizada, tanto dos contidos teóricos como dos demais criterios de avaliación.

Se a avaliación en Xuño non é positiva, o alumno ten a posibilidade de acadar os obxectivos nunha convocatoria extraordinaria no mes de Setembro. Os mínimos serán os mesmos que os requiridos ó longo do curso. A nota será exclusivamente a do control escrito na convocatoria extraordinaria

### CÁLCULO DA NOTA NUMÉRICA NA ESO.

- Nos criterios de cualificación especifícase que a parte dos controis escritos debe ser o 90% da nota da avaliación. E o resto dos criterios engadiranse a partir desa nota numérica.
- Na inmensa maioría dos casos ao realizar a media aritmética das probas escritas, o resultado é decimal. A nota da avaliación, recuperación e/ou avaliación ordinaria, será a parte enteira da nota que corresponde aos controis escritos. O 10% da nota corresponde a outros criterios de avaliación. O habitual, e desexable, é que cos outros criterios de avaliación a nota numérica poida axustarse ao número enteiro superior seguinte.
- Esta porcentaxe varía na materia de Ciencias Aplicadas á actividade profesional de 4º ESO. Nesa materia corresponderá o 70% a controis escritos e 30% a os demais criterios de avaliación. A razón desta excepción é que se trata dunha materia fundamentalmente práctica.
- Queda descrito nun epígrafe anterior que de existir alumnado que teña dificultades específicas coa materia, poden reconsiderarse os criterios de cualificación. Para que un alumn@, se poida acoller a esta modificación debe estar nun grupo de reforzo, ter unha ACI ou ter un informe previo á avaliación do Departamento de Orientación no que se explique o seu caso personalizado. Deste xeito, o Departamento pode realizar unha avaliación individualizada, tanto dos contidos teóricos como dos demais criterios de avaliación.
- No caso de que se teña constatación de que un alumn@ realizou un exame fraudulento, a nota de ese exame será un 0. Esta norma é extensible para todas

as recuperación , incluída a de xuño , e para o control da proba da convocatoria extraordinaria de setembro.

<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>% na nota da avaliación</b>
Media aritmética de, cando menos, dúas probas escritas	90% ( 70% na materia ciencias aplicadas á actividade profesional)
a) Observación dos alumnos na clase: a actitude, comportamento e procedementos b) Revisión do caderno de clase c) Traballos e investigacións Dentro da proba escrita haberá unha parte na que se especifica ese 10% correspondente a ese período , e a esa parte do temario. Esta aclaración é para que esta porcentaxe sexa o máis obxectiva posible	10% ( 30% na materia ciencias aplicadas á actividade profesional)
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$	

<b>Recuperación das avaliacións . (A data da recuperación será sempre posterior á entrega das notas correspondentes a esa avaliación )</b>	<b>Proba de xuño: recuperación das avaliacións pendentes, ou subir nota</b>	<b>Nota da avaliación ordinaria de xuño</b>	<b>Nota da avaliación extraordinaria de setembro</b>
Unha proba escrita 100%  Para considerar que a parte correspondente para a recuperación está superada , a nota da proba debe ser como mínimo 5, que indica a superación da materia.	Proba escrita que contabilizará o 100% da nota. Será un exame con 10 preguntas. <u>Alumnado cunha avaliación suspensa:</u> Realizará as 10 preguntas da avaliación suspensa <u>Alumnado con dúas avaliacións suspensas:</u> Realizará as 10 preguntas (5+5) que sinale o profesor/a no enunciado do exame <u>Alumnado con todo suspenso:</u> Realizará as 10 preguntas	Media aritmética das tres avaliacións. A nota da avaliación ordinaria será a parte enteira da media. Para unha aproximación ao número enteiro superior seguinte, acudirase ao 10 % da nota de	Proba escrita que computará o 100% da nota

	<p>(4+3+3), que indique o profesor/a no enunciado do exame</p> <p><u>Alumnado que queira subir a súa nota :</u></p> <p>Realizará as 10 preguntas (4+3+3), que indique o profesor/a no enunciado do exame . No caso de entregalo, a nota deste último exame substituirá ao anterior.</p>	<p>cada avaliación no que computan os outros criterios non conceptuais</p>	
<p>Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser <math>\geq 5</math></p>			

# BACHARELATO

---

## PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN NO BACHARELATO

A avaliación das competencias é un modelo de avaliación distinta ao dos criterios de avaliación. Aplicase en diferentes momentos e súa finalidade, aínda que complementaria, é distinta. As competencias supoñen unha aplicación real e práctica de coñecementos, habilidades e actitudes, e a forma de comprobar ou avaliar se o alumnado as adquiriu é reproducir situacións o máis reais posibles de aplicación onde o alumno se sirva de todo tipo de contidos para responder ás situacións propostas.

- Terase en conta que o Bacharelato é un ciclo, debendo valorar sempre a evolución do alumno/a. Para aqueles alumnos e alumnas que non acaden os obxectivos existirá a posibilidade de logralos máis adiante, o longo do curso.
- Ademais das competencias: e por ser una etapa non obrigatoria , e cara á una Reválida final, una parte moi importante será a valoración dos contidos conceptuais
- Sempre que se pida ó alumnado a realización dun traballo , unha práctica ,uns exercicios , debe quedar claro que deben ser entregados na data fixada , e non será recollido en datas posteriores.
- Os contidos procedementais e actitudinais observaranse dentro da aula, nos traballos presentados e no laboratorio. Terase en conta o recoñecemento e manexo do material da área.
- Nalgúns bloques de contidos é posible realizar avaliación continua .Os alumnos/as poden acada-los obxectivos ó final do trimestre, ciclo ou espazo de tempo que ocupe ese bloque. Deste xeito dáselles a oportunidade de organiza-lo seu traballo de acordo coa súa individualidade.
- Noutros bloques a avaliación continua non se contempla. Nestes casos de avaliación para a recuperación serán os mesmos que para unha primeira avaliación, tendo en conta que a organización do traballo será tarefa do alumnado podendo ser axudado polo profesorado con material de apoio.
- Tanto nos bloques de avaliación continua como nos que non a teñen, poderase facer un control escrito ou oral dos contidos conceptuais. Este control farase seguindo o criterio d@ profesor/a que imparta dita disciplina.
- A superación da avaliación requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

- Se a avaliación en Xuño non é positiva, o alumno ten a posibilidade de acadar os obxectivos nunha convocatoria extraordinaria no mes de Setembro. Os mínimos serán os mesmos que os requirido ó longo do curso.
- As distintas probas escritas ,fundamentais neste ciclo, xa que ó final do ciclo existe unha proba de Reválida deberán axustarse á marcha real de cada nivel evitando a partición de unidades didácticas.
- Considerarase que un alumno perdeu o seu dereito á avaliación continua cando posúa un nº de faltas á clase sen xustificar, atendendo ás instrucións que a este respecto dite a normativa. As faltas xustificaranse cun informe médico ou causas de forza maior. O alumno ,nesta situación, pode asistir ao exame final tendo en conta que a nota do control escrito é o 90% da nota da avaliación.
- Con asiduidade, valorarase a capacidade do alumnado de interrelacionar os distintos conceptos expostos nas unidades da disciplina, e tamén con outros campos da ciencia e da vida cotiá.
- Con respecto ó laboratorio valorarase:
  - a) Respecto polo material
  - b) Limpeza e pulcritude no traballo
  - c) Realización do traballo experimental: recollida de datos, elaboración de diagramas e informes, cálculos...
  - d) Nivel de conclusións acadadas baseadas nos resultados obtidos no traballo experimental

*Se a avaliación en Xuño non é positiva, o alumno ten a posibilidade de acadar os obxectivos nunha convocatoria extraordinaria no mes de Setembro. Os mínimos serán os mesmos que os requirido ó longo do curso. A nota será exclusivamente a do control escrito na convocatoria*

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA O BACHARELATO

#### **FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO**

Para acadar unha avaliación positiva en Física e Química 1, teranse en conta os seguintes puntos:

1. Como se trata dun nivel académico alto e de ensino non obrigatorio , a nota das avaliacións basearase nos controis escritos .
2. A materia consta de dúas partes: Física e Química. En cada bloque traballarase como avaliación continua. A primeira parte ata finais de xaneiro ( co seu control



final correspondente) , e a continuación a parte de Física ata final de curso ( co seu exame final correspondente)

3. Na parte de Química realizarase una proba de formulación inorgánica . A superación desta proba é condición indispensable para acadar una avaliación positiva na materia
4. Realizarase una proba de cálculo vectorial, cambios de unidades e repaso de cinemática de 4º ESO na parte de Física. A superación desta proba é condición indispensable para acadar una avaliación positiva na materia
5. Nas avaliacións existirán como mínimo dous exames e, dado que en cada control increméntanse os contidos, realizarase unha media ponderada das notas dos exames da avaliación.
6. A porcentaxe que lle corresponde a cada exame en cada avaliación, estará exposta no taboleiro da aula
7. A nota que o alumnado debe conseguir para superar esta materia será un 5, tanto para a avaliación ordinaria de xuño, como para a extraordinaria de setembro.
8. En xuño existirá una recuperación coas seguintes opcións:
  - Opción A : Recuperar Física
  - Opción B : Recuperar Química
  - Opción C : Recuperar Física e Química

En setembro, o alumnado que non supere a materia terá que realizar un control escrito de toda a disciplina

9. É importante a asistencia a clase. As faltas de asistencia deberán estar xustificadas de forma correcta (xustificante médico ou causas de carácter excepcional). O alumnado que non teña debidamente xustificadas as faltas de asistencia e realice os exames finais de xuño, a nota que lle corresponde será a parte enteira da cualificación que obteña nos exames escritos desa recuperación de xuño.

## **CULTURA CIENTÍFICA 1º BACHARELATO**

Para acadar unha avaliación positiva en Cultura Científica, teranse en conta os seguintes puntos:

1. A nota das avaliacións basearase nas probas escritas, informes de traballos de investigación, exposicións orais e realización de proxectos .
2. Nas avaliacións existirán como mínimo unha cualificación numérica por unidade de traballo e realizarase unha media ponderada das diferentes cualificacións obtidas ó longo da avaliación.
3. A porcentaxe que lle corresponde a cada proba en cada avaliación, estará exposta no taboleiro da aula.
4. A nota que o alumnado debe conseguir para superar esta materia será un 5, tanto para a avaliación ordinaria de xuño, como para a extraordinaria de setembro.
5. En xuño existirá una recuperación da avaliación ou avaliacións que o alumno non teña superado.

En setembro, o alumnado que non supere a materia terá que realizar un control escrito de toda a disciplina

6. É importante a asistencia a clase. As faltas de asistencia deberán estar xustificadas de forma correcta (xustificante médico ou causas de carácter excepcional). O alumnado que non teña debidamente xustificadas as faltas de asistencia e realice os exames finais de xuño, a nota que lle corresponde será a parte enteira da cualificación que obteña nos exames escritos despois da recuperación de xuño.

## DISCIPLINA QUÍMICA 2.

Para acadar unha avaliación positiva en Química 2 , teranse en conta os seguintes puntos:

1. Como se trata dun nivel académico alto e de ensino non obrigatorio , a nota das avaliacións basearase nos controis escritos .
2. Realizarase una proba de formulación inorgánica no mes de outubro. A superación desta proba é condición indispensable para acadar una avaliación positiva na materia de Química 2.
3. A disciplina está organizada como avaliación continua .
4. Na primeira e na segunda avaliación existirán como mínimo dous exames e, dado que en cada control incrementanse os contidos, realizarase unha media ponderada das notas dos exames da avaliación, contando sempre máis o último. A porcentaxe de cada control en cada avaliación estará exposta no taboleiro da clase. Dependendo da materia, cantidade e dificultade pode variar en cada avaliación. Como orientación será un 40% para o primeiro e un 60% para o segundo
5. Na terceira avaliación existirá un único control final de toda a materia. Farase tamén unha recuperación , polo tanto, existen dúas posibilidades para superar a materia na convocatoria ordinaria de xuño. O alumnado aprobado e que desexa subir a súa nota , pode presentarse tamén a este exame.
6. As prácticas de laboratorio forman parte dos contidos da materia e sempre aparecerán nos controis de Química 2 .Para axudar ao alumnado, nesta parte importante da materia, cada alumn@ poderá entregar cada día de laboratorio a súa práctica escrita para a súa corrección á profesora da materia. Deste xeito, os alumn@s , saberán se o seu traballo experimental está correctamente realizado, (contidos, limpeza, orde, pulcritude e presentación do informe)
7. A final do curso académico o alumnado debe presentar un traballo con todas as prácticas realizadas durante o curso académico.
8. A nota que o alumnado debe conseguir para superar esta materia será un 5, obtido de maneira exclusiva nos controis escritos ,nos que sempre se inclúen preguntas teóricas, problemas e laboratorio. Este criterio é tanto para a avaliación ordinaria de xuño, como para a extraordinaria de setembro.

9. É importante a asistencia a clase, e perderase o dereito a unha avaliación continua se as faltas de asistencia non están xustificadas de forma correcta (xustificadamente médico ou causas de carácter excepcional). O alumnado que non teña debidamente xustificadas as faltas de asistencia e realice os exames finais de xuño, a nota que lle corresponde será a parte enteira da cualificación que obteña nos exames escritos desa recuperación de xuño.
10. Os contidos das probas escritas, tanto as cuestións teóricas, os problemas e as prácticas de laboratorio, están fixadas polo grupo de traballo da CIUG. De existir algunha variación ao longo do curso, o alumnado será informado do cambio proposto pola CIUG

## DISCIPLINA FÍSICA 2.

Para acadar unha avaliación positiva en Física 2, teranse en conta os seguintes puntos:

1. Como se trata dun nivel académico alto e de ensino non obrigatorio, a nota das avaliacións basearase nos controis escritos.
2. Realizárase un control de cada tema. O alumnado debe superar cada un deles.
3. Realizárase un exame de recuperación para cada bloque co fin de superar as posibles unidades didácticas non superadas.
4. A nota que o alumnado debe conseguir para superar esta materia será un 5, obtido nos controis escritos, nos que sempre se inclúen preguntas teóricas e problemas, (tamén se poden incluír cuestións de laboratorio) Este criterio é tanto para as avaliacións parciais, a avaliación ordinaria de xuño, e para a extraordinaria de setembro.
5. A recuperación de xuño realizarase dos bloques que estean suspensos:  
Bloque 1: Campo gravitatorio, eléctrico, magnético e indución  
Bloque 2: Ondas e Óptica  
Bloque 3: Física nuclear, Física relativista e Física moderna
6. A nota de cada avaliación será a media aritmética entre os controis realizados.
7. É importante a asistencia a clase, e perderase o dereito a unha avaliación continua se as faltas de asistencia non están xustificadas de forma correcta (xustificadamente médico ou causas de carácter excepcional). O alumnado que non teña debidamente xustificadas as faltas de asistencia e realice os exames finais de xuño, a nota que lle corresponde será a parte enteira da cualificación que obteña nos exames escritos desa recuperación de xuño.
8. Os contidos das probas escritas, tanto as cuestións teóricas, os problemas e as prácticas de laboratorio, están fixadas polo grupo de traballo da CIUG. De existir algunha variación ao longo do curso, o alumnado será informado do cambio proposto pola CIUG

## Cálculo da nota numérica en Física e Química de 1º Bac

No caso de que se teña constatación de que un alumn@ realizou un exame fraudulento, a nota de ese exame será un 0. Esta norma é extensible para todas as recuperacións , probas ordinarias de xuño e para o control da proba da convocatoria extraordinaria de setembro .

Instrumentos de avaliación	% na nota da avaliación
Probas escritas	90%
a) Observación dos alumnos na clase: a actitude, comportamento e procedementos b) Revisión do caderno de clase c) Traballos e investigacións	10%.
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$	

1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
-Control de formulación inorgánica. A superación deste exame é condición indispensable para aprobar a materia -Control de química nº 1 ( 40% da nota da avaliación) -Control de química nº 2 (60% da nota da avaliación)	-Final de química ( 70% da nota da avaliación) - Control de cálculo vectorial e conceptos previos de cinemática de 4º ESO. A superación deste exame é condición indispensable para aprobar a materia. -Control de física (30% da nota da avaliación)	-Control nº 1 de Física ( 40% da nota da avaliación)  -Control final de física ( 60% da nota da avaliación)
<p>RECUPERACIÓN FINAL PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA: Haberá unha data para a recuperación da parte de Qca .</p> <p>RECUPERACIÓN FINAL PARA A AVALIACIÓN ORDINARIA: Nunha data diferente á anterior , haberá unha recuperación da parte de Fca</p> <p>O 100% da nota da avaliación ordinaria de xuño será a parte enteira da media aritmética entre a parte de Física e a de Química. Para axustar a nota ao número enteiro superior seguinte , acudirse aos instrumentos de avaliación sinalados e que non son estritamente conceptuais.</p> <p>En setembro, o alumnado que non supere a materia terá que realizar un control escrito de toda a disciplina , sendo os criterios idénticos aos de xuño</p>		

### Cálculo da nota numérica en Cultura Científica de 1º Bac

No caso de que se teña constatación de que un/unha alumn@ realizou un exame, traballo ou proxecto fraudulento, a nota de esa proba será un 0. Esta norma é extensible para todas as recuperacións e para a proba da convocatoria extraordinaria de setembro .

Instrumentos de avaliación	% na nota da avaliación
Probas escritas Informes de traballos de investigación Exposicións orais temáticas Realización de proxectos	90%
a) Observación dos alumnos na clase: a actitude, comportamento e procedementos b) Revisión do caderno de clase	10%.
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$	

Recuperación das avaliacións . (A data será sempre posterior á entrega das notas correspondentes a esa avaliación )	Proba de xuño: recuperación das avaliacións pendentes, ou subir nota	Nota da avaliación ordinaria de xuño	Nota da avaliación extraordinaria de setembro
Unha proba escrita 100%  A nota da recuperación, será sempre un 5, que indica a superación da materia.	Proba escrita que contabilizará o 100% da nota. Será un exame con 10 preguntas. <u>Alumnado cunha avaliación suspensa:</u> Realizará as 10 preguntas da avaliación suspensa <u>Alumnado con dúas avaliacións suspensas:</u> Realizará as 10 preguntas (5+5) que sinale o profesor/a no enunciado do exame <u>Alumnado con todo suspenso:</u> Realizará as 10 preguntas (4+3+3), que indique o profes/a no enunciado do exame	Media aritmética das tres avaliacións. A nota da avaliación ordinaria será a parte enteira da media. Para unha aproximación ao número enteiro superior seguinte, acudirase ao 10 % da nota de cada avaliación no que computan os outros criterios	Proba escrita que computará o 100% da nota

	<u>Alumnado que queira subir a súa nota :</u> Realizará as 9 preguntas (4+3+3), que indique o profesor/a no enunciado do exame . No caso de entregalo, a nota deste último exame substituirá ao anterior.	non conceptuais	
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$			

### Cálculo da nota numérica en Química de 2º Bac

No caso de que se teña constatación de que un alumn@ realizou un exame fraudulento, a nota de ese exame será un 0 . Esta norma é extensible para todas as recuperacións e para o control da proba da convocatoria extraordinaria de setembro .

<b>Instrumentos de avaliación</b>	<b>% na nota da avaliación</b>
Probas escritas	90%
a) Observación dos alumnos na clase: a actitude, comportamento e procedementos b) As prácticas de laboratorio forman parte dos contidos da materia e sempre aparecerán nos controis de Química 2 . Para axudar ao alumnado , nesta parte importante da materia, cada alumn@ poderá entregar cada día de laboratorio a súa práctica escrita para a súa corrección á profesora da materia. Deste xeito, os alumn@s , saberán se o seu traballo experimental está correctamente realizado, (contidos, limpeza, orde , pulcritude e presentación do informe)	10% .
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións , avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$ O 100% da nota da avaliación ordinaria de xuño será a parte enteira da nota do exame final, ( ou da recuperación final, se o alumn@ a precisa). Para axustar a nota ao número enteiro superior seguinte , acudirse aos instrumentos de avaliación sinalados e que non son estritamente conceptuais. En setembro, o alumnado que non supere a materia terá que realizar un control escrito de toda a disciplina , sendo os criterios idénticos aos de xuño	

Recuperación das avaliacións	Proba de xuño: recuperación das avaliacións pendentes, ou subir nota	Nota da avaliación ordinaria de xuño	Nota da avaliación extraordinaria de setembro
É unha materia de avaliación continua	Proba escrita que contabilizará o 100% da nota con todos os contidos da materia , xa que está organizada como avaliación continua. <u>Alumnado que queira subir a súa nota :</u> Realizará o mesmo exame . No caso de entregalo, a nota deste último exame substituirá ao anterior.	A nota será a parte enteira do exame final. Para unha aproximación ao número enteiro superior seguinte, acudirse aos criterios non conceptuais da avaliación, e ás notas das dúas primeiras avaliacións.	Proba escrita que computará o 100% da nota. A nota será a parte enteira da nota do control.
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$			

### Cálculo da nota numérica en Física de 2º Bac

No caso de que se teña constatación de que un alumn@ realizou un exame fraudulento, a nota de ese exame será un 0. Esta norma é extensible para todas as recuperacións e para o control da proba da convocatoria extraordinaria de setembro

Instrumentos de avaliación	% na nota da avaliación		
Probas escritas de cada tema.	90%		
a) Observación dos alumnos na clase: a actitude, comportamento e procedementos b) Realización dos problemas propostos diariamente para a profundización dos contidos teóricos.	10 %.		
Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais , recuperacións , avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser $\geq 5$			
Recuperación das avaliacións	Proba de xuño: recuperación das avaliacións pendentes, ou subir nota	Nota da avaliación	Nota da avaliación

		<b>ordinaria de xuño</b>	<b>extraordinaria de setembro</b>
Proba escrita dos contidos da avaliación que será o 100% da nota	Proba escrita que contabilizará o 100% da nota con todos os contidos da materia . A proba será unicamente dos bloques que o alumn@ teña suspensos <u>Alumnado que queira subir a súa nota</u> : Realizará un exame global . No caso de entregalo , a nota deste último exame substituirá ao anterior.	A nota será a parte enteira do exame final. Para unha aproximación ao número enteiro superior seguinte, acudírase aos criterios non conceptuais da avaliación, e ás notas das dúas primeiras avaliacións.	Proba escrita que computará o 100% da nota. A nota será a parte enteira da nota do control.
<p>Para acadar unha avaliación positiva nas avaliacións parciais, recuperacións, avaliación ordinaria de xuño e na avaliación extraordinaria de setembro a nota numérica deberá ser <math>\geq 5</math></p> <p>O 100% da nota da avaliación ordinaria de xuño será a parte enteira da media aritmética dos controis dde todo o curso. Para axustar a nota ao número enteiro superior seguinte , acudírase aos instrumentos de avaliación sinalados e que non son estritamente conceptuais.</p> <p>En setembro, o alumnado que non supere a materia terá que realizar un control escrito de toda a disciplina , sendo os criterios idénticos aos de xuño</p>			



# CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECIAIS

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECIAIS: ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

Este Departamento entende que un alumn@ que se integra no instituto despois da 1ª avaliación, debe ser tratado como de incorporación tardía. Poderíase considerar como data de referencia o 31 de xaneiro.

Este alumnado pode incorporarse coa materia aprobada , nese caso continuará a súa formación coa programación habitual .

No caso de incorporarse coa Física e Química suspensa será atendido da seguinte forma:

- a) Unicamente necesita recuperar a primeira avaliación. O alumn@ realizará a recuperación, nunha data proposta polo Departamento, desa parte suspensa. É necesario constatar a parte do temario traballada, por se existe variación na orde dos contidos dese nivel.
- b) Debe recuperar a primeira e a segunda avaliación. Este Departamento proporcionáralles aos alumn@s neste caso, boletíns de problemas e/ou traballos para guialos e que teñan referencias concretas do temario do que se van examinar. Posteriormente, fixarase una/s data/s para a realización das recuperacións de ambas avaliacións.
- c) Alumnado de incorporación posterior ao remate da segunda avaliación. Traballarase como no apartado b) e realizarán a recuperación de xuño coas datas, contidos mínimos e condicións para o cálculo da nota numérica , coincidentes coas dos seus compañeiros.
- d) Calquera dos casos anteriores cando o alumn@ procede do estranxeiro . O tratamento será similar pero variando a porcentaxe a ter en conta dos estándares de aprendizaxe (contidos). Esta porcentaxe será especificada de xeito individual para cada alumn@ , xa que haberá que ter en conta: o dominio da lingua, o país de procedencia e outras variables individuais. De darse este caso , a forma de traballar aparecerá reflexada nas Actas de reunión do Departamento
- e) Alumnado que cursa 1º Bac no estranxeiro

No caso de retornar antes de que finalice a súa estadía no estranxeiro , estarán incluíd@s no caso “ Criterios de cualificación especiais : incorporación tardía”. Terán as datas de referencia indicadas anteriormente . As porcentaxes , mínimos , contidos..... serán o máis individualizadas posible . De darse este caso , a forma de traballar aparecerá pormenorizada e reflexada nas Actas de reunión do Departamento

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECIAIS : ALUMNADO EN GRUPOS DE REFORZO .**

Os criterios e os exames de recuperación para a superación da materia serán os mesmos que os dos seus compañeiros do grupo de referencia.

Dado que é un alumnado con características especiais a porcentaxe para os contidos conceptuais será moito menor . Valorando deste xeito o esforzo, traballo e a superación persoal.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN ESPECIAIS : ALUMNADO QUE CAMBIA DE MODALIDADE NO BACHARELATO .**

### **Para cursar Química 2 e/ou Física 2.**

Os alumnos que necesiten acreditar coñecementos previos de Física e Química para cursar materias de 2º de bacharelato por cambio de especialidade:

- Serán considerados , como alumnado coa materia pendente.
- Deberán realizar unha proba escrita similar á de setembro cos mesmos criterios de avaliación e de cualificación .
- Poderán , realizar ó longo do curso probas e traballos semellantes ás dos alumnos pendentes da materia de Física e Química de 1º de Bac, valorando principalmente a parte máis necesaria para cursar os seus estudos de 2º de Bac con aproveitamento.

# ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

## ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE A 3º ESO COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 2º ESO

### Contidos esixibles:

Os contidos serán os mesmos que os da programación do curso 2017 – 18

### Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores:

Aos alumnos que teñan pendente a Física e Química de 2º da ESO facilitaráselles, se o solicitan, boletíns de exercicios de cada unidade para reforzar os realizados no curso anterior. Deberán ser presentados antes da data fixada como límite en cada boletín de problemas.

### Actividades de avaliación:

Os alumnos realizarán dúas probas :

-A primeira proba escrita indicada polo Departamento , será a finais de xaneiro de 2018 para non interferir coa primeira avaliación ordinaria de 3º ESO. Terá todos os contidos da materia.

- Para o alumnado que non supere a materia nesta ocasións, e para o alumnado de incorporación tardía ,( se o houberse) haberá unha proba final nunha data fixada pola Xefatura de estudos e que aparecerá ao longo do curso académico nos taboleiros xerais do Instituto e na páxina web

### Condições para superar as materias pendentes

Proba escrita  30 1-2019	O alumnado examínase da totalidade da materia.  No caso de ser un número decimal , será a parte enteira da nota. Para o axuste a número enteiro superior seguinte , acudirase ao traballo voluntario de resolución de boletíns . Traballo que terán solicitado e entregado a calquera das persoas do Departamento
--------------------------------	---

Proba ordinaria nunha data proposta pola Xefatura de estudos	A esta proba terá que presentarse: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O alumnado que non teña superado a materia na proba do 30-1-2018</li> <li>2. O alumnado de incorporación tardía</li> </ol> No caso de ser un número decimal , será a parte enteira da nota. Para o axuste a número enteiro superior seguinte , acudirase ao traballo voluntario de resolución de boletíns . Traballo que serán solicitado e entregado a calquera das persoas do Departamento
<p>- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación de final de curso, na avaliación ordinaria de xuño ,será un 5.</p> <p>-Para a cualificación numérica terase en conta un 80% a nota do control escrito. O outro 20% provén da resolución de boletíns de problemas e /ou traballo proposto polo Departamento. Condición indispensable para ter en conta ese 20% ,é a entrega dos traballos e boletíns nas data fixadas.</p> <p>Se ao facer o cálculo , o resultado é decimal, axustarase ao número enteiro superior seguinte se o alumn@ realizou o traballo proposto. Se o alumnado non realiza ese traballo, a avaliación será exclusivamente a nota dos controis escritos , que é o 80% da nota do control. Se é un número decimal, axustarase á parte enteira de dito número.</p>	
<p>Para o alumnado nun grupo de reforzo, as datas e os criterios de avaliación serán os mesmos que os dos seus compañeiros do grupo de referencia.</p> <p>Para a cualificación numérica terase en conta a diversidade , cambiaranse as porcentaxes. Tomarase como referencia 70% para as probas escritas , e un 30% para os outros criterios de avaliación que non sexan estritamente conceptuais.</p>	

### 1. Proba extraordinaria:

-Os alumnos que non superasen a materia ao longo do curso, terán oportunidade de superala na convocatoria extraordinaria de setembro, aprobando a proba escrita sobre os contidos mínimos da materia .

- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación , na avaliación extraordinaria de setembro ,será un 5

## ORGANIZACIÓN DO TRABALLO PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE 4º ESO COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 3º ESO

Este Departamento incide na importancia de fomentar as clases de recuperación dentro das horas lectivas do profesorado. Algúns dos alumn@s pendentes non teñen continuidade na materia ao non cursar Física e Química en 4º e non teñen un profesor de referencia para este curso.

Para o alumnado que continúa con Física e Química , tendo suspensa a materia do nivel anterior, é necesario recordar que: a disciplina ten continuidade e os alumn@s coa materia suspensa teñen dificultades engadidas á superación do propio curso. En 4º ESO existe a materia Física e Química 4 e teñen unha profesora de referencia para este curso, que debe estar pendente do nivel que lle toca e dos alum@s coa materia suspensa do curso anterior.

Non existe a opción das clases de recuperación , xa que non hai horas lectivas para esta parte da docencia .

O reforzo para recuperar esta materia ten que facerse nos recreos, e con material que poidan utilizar sen presenza da profesora, e polo tanto, a idea deste Departamento e a dun seguimento do alumnado ó longo do curso , por medio de boletíns de problemas, para o alumnado que o solicite. Posteriormente realizaranse probas escritas nas datas que aparecen ao longo deste epígrafe. Fixarase un calendario de exames. Tamén , e para o alumnado que o solicite, entregaranse boletíns de problemas e/ou traballos que deberán presentar nunha data prefixada, non se admitirán entregas en datas posteriores.

Poñerase en coñecemento do alumnado este feito e tamén as datas concretas dos exames de recuperación. Valorarase a correcta realización dos traballos solicitados e a súa entrega nas datas previamente fixadas.

### **Contidos esixibles:**

Os contidos serán os mesmos que os da programación do curso 2017 – 18

### **Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores:**

Aos alumnos que teñan pendente a Física e Química de 3º da ESO facilitaráselles, se o solicitan, boletíns de exercicios de cada unidade para reforzar os realizados no curso anterior.

### **Actividades de avaliación:**

Os alumnos realizarán dúas probas :

-A primeira proba escrita indicada polo Departamento , será a finais de xaneiro de 2018 para non interferir coa primeira avaliación ordinaria do curso. Terá todos os contidos da materia.

- Para o alumnado que non supere a materia nesta ocasións, e para o alumnado de incorporación tardía ,( se o houberse) haberá unha proba final nunha data fixada pola Xefatura de estudos e que aparecerá ao longo do curso académico nos taboleiros xerais do Instituto e na páxina web

<p>Proba escrita</p> <p>30-1-2019</p>	<p>O alumnado examinarase da totalidade da materia.</p> <p>No caso de ser un número decimal , será a parte enteira da nota.</p> <p>Para o axuste a número enteiro superior seguinte , acudirase ao traballo voluntario de resolución de boletíns . Traballo que terán solicitado e entregado a calquera das persoas do Departamento</p>
<p>Proba ordinaria nunha data proposta pola Xefatura de estudos</p>	<p>A esta proba terá que presentarse:</p> <p>3. O alumnado que non teña superado a materia na proba do 30-1-2018</p> <p>4. O alumnado de incorporación tardía</p> <p>No caso de ser un número decimal , será a parte enteira da nota.</p> <p>Para o axuste a número enteiro superior seguinte , acudirase ao traballo voluntario de resolución de boletíns . Traballo que terán solicitado e entregado a calquera das persoas do Departamento</p>
<p>- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación de final de curso, na avaliación ordinaria de xuño ,será un 5.</p> <p>-Para a cualificación numérica terase en conta un 80% a nota do control escrito. O outro 20% provén da resolución de boletíns de problemas e /ou traballo proposto polo Departamento. Condición indispensable é a entrega dos traballos e boletíns nas data fixadas.</p> <p>- Se o alumn@ non conta con ese 20% do traballo ao longo do curso. A nota da avaliación ordinaria será exclusivamente o 80% do control escrito</p> <p>-Se ao facer os cálculos e o resultado é decimal , este Departamento axustará a nota ao número enteiro superior seguinte.</p>	

### **Proba extraordinaria:**

-Os alumnos que non superasen a materia ao longo do curso, terán oportunidade de superala na convocatoria extraordinaria de setembro, aprobando a proba escrita sobre os contidos mínimos da materia .

- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación , na avaliación extraordinaria de setembro ,será un 5

### **ORGANIZACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE A 2º DE BACHARELATO COA FÍSICA E QUÍMICA PENDENTE DE 1º BAC**

Este Departamento incide na importancia de fomentar as clases de recuperación dentro das horas lectivas do profesorado. Poden existir , e no presente curso académico existen, alumnos pendentes que en 2º Bacharelato non cursan Química 2 ou Física 2 e non teñen un profesor de referencia da materia de forma presencial.

O reforzo para recuperar esta materia ten que facerse nos recreos, e con material que poidan utilizar sen presenza do profesorado da materia. Polo tanto, a idea deste Departamento e a dun seguimento do alumnado ó longo do curso , por medio de boletíns de problemas , sempre que o soliciten voluntariamente, que deberán presentar nunha data prefixada dende principio de curso, non se admitirán estes traballos en datas posteriores.

Valorarase , ademais dos controis escritos ,a correcta realización dos traballos solicitados e a súa entrega nas datas previamente fixadas.

### **Contidos esixibles:**

Serán os mesmos que no curso 2017-2018 , que coinciden cos do presente curso académico.

### **Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores:**

Aos alumnos que teñan pendente a Física e Química de 1º de Bac facilitaránselles boletíns de exercicios de cada unidade para reforzar os realizados no curso anterior, se os solicitan , e serán corrixidos pola xefa de departamento.

### **Actividades de avaliación:**

Os alumnos realizarán dúas probas :

-A primeira proba escrita indicada polo Departamento , a mediados do curso académico 2018-2019 ,REALIZARASE O 30 XANEIRO DE 2019 , mércores ás 16:15 para non interferir coas datas das avaliacións de 2º Bac. Nesta data realizarase o exame de Química

-A segunda proba escrita será a que marque a Xefatura de estudos dentro do tratamento global do Instituto referente a materias pendentes . Realizarase o exame de Física.

-Nesta segunda data proposta pola Dirección do Instituto , tamén terán a oportunidade de volver a realizar o exame da parte de Química , se así o precisan.

- Estas datas serán válidas tamén para o alumnado de incorporación tardía ,( se o houberse) . Ou algún alumn@ con matrícula libre ,( se existise)

1ª proba	30 xaneiro 2018 QUÍMICA
2ª proba	Nunha data proposta pola Dirección do centro en maio para realizar a parte de Física  A esta proba poderá presentarse tamén : O alumnado que non teña superada a parte de Química realizada o 30 -1-2019 O alumnado de incorporación tardía , se o houberse. O alumnado con matrícula libre , se o houberse. A nota numérica será a media aritmética entre es dúas partes da materia. No caso de ser un número decimal , será a parte enteira da nota. Para o axuste a número enteiro superior seguinte , acudirase ao traballo voluntario de resolución de boletíns . Traballo que terá solicitado voluntariamente o alumnado e entregado á profesora de referencia de 1º Bac
- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación de final de curso, na avaliación ordinaria de xuño é un 5.	

**Proba extraordinaria:**

-Os alumnos que non superasen a materia ao longo do curso, terán oportunidade de superala na convocatoria extraordinaria de setembro, aprobando a proba escrita sobre os contidos mínimos da materia.

- A nota mínima para acadar unha avaliación positiva na recuperación , na avaliación extraordinaria de setembro ,é un 5